



CONCURSO
EDIFICIO
XUDICIAL
EN
OURENSE

CONCURSO DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTO, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO XUDICIAL EN OURENSE

ACTA DE REUNIÓN DO XURADO PARA A AVALIACIÓN DOS PROXECTOS PRESENTADOS . FALLO DO CONCURSO

ASISTENTES :	
Presidente :	Alfonso Rueda Valenzuela. Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia
Vocal :	Francisco Rodríguez Fernández. Alcalde de Ourense
Vocal :	Juan José Martín Álvarez. Director Xeral de Xustiza na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Vocal :	Juan Manuel Pintos Martínez. Arquitecto da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Vocal :	Elvira Carregado Pazos. Arquitecta designada polo Concello de Ourense
Vocal :	Alberto Noguerol del Río. Arquitecto elixido a proposta dos concursantes. Renuncia.
Vocal :	Alfredo Díaz Grande. Arquitecto en representación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
Vocal :	Salvador Fraga Rivas. Arquitecto en representación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
Vocal Invitado :	Antonio Piña Alonso Xuíz Decano dos xulgadores de Ourense
Secretario :	José Antonio Martínez Carro. Subdirector Xeral de Contratación na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

En Santiago de Compostela as 17.30 horas do día quince de xullo de dous mil nove, na sede do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en Santiago de Compostela, reúnen as persoas marxe indicadas, segundo o establecido no apartado 6.2.5 do prego de bases que rexe neste concurso de ideas, coa finalidade de proceder ao análise e avaliación das propostas de anteproxecto e formular a proposta dos gañadores do concurso..

DATOS DO EXPEDIENTE

Resolución data	20/02/2009
Publicación DOG	20/03/2009
Fin prazo presentación ofertas	22/04/2009
Data acta apertura do sobre nº 3	02/06/2009

O xurado declarase validamente constituído o estar composta pola totalidade dos seus membros, unha vez producida a

renuncia do vocal nomeado en representación dos concursantes, D. Alberto Noguerol del Río, por entende que incorría en causa de abstención.:

Os membros do Xurado, tras o estudo da documentación dos concursantes, e as deliberacións previas das súas xuntanzas dos días 2 e 10 de xullo ACORDAN O SEGUINTE FALLO:



CONCURSO

EDIFICIO
JUDICIAL
EN
OURENSE

- Propoñer como **primeiro premio e gañador** do concurso ós autores do traballo presentado baixo o lema **burga012**. O Xurado, coa abstención do vocal invitado D. Antonio Piña Alonso e o vota favorable do resto dos membros, basea a súa decisión na especial adecuación ós criterios establecidos nas bases, valorando singularmente a funcionalidade do espazo interior, a calidade técnica e estética do traballo, e a calidade dos espazos públicos exteriores xerados.

- Propoñer a concesión do **segundo premio** do concurso ó traballo presentado baixo o lema **DFJMOO56**. O Xurado basea a súa decisión, unánime, na adecuada estrutura funcional do edificio proxectado e na frescura do desenvolvemento da fragmentación do volume da edificación.

- Recoñecendo o nivel xeral dos traballos presentados o Xurado, por unanimidade, propón a concesión dos **catro accésit** previstos no prego ós traballos presentados baixo os lemas seguintes, ordenados alfabeticamente:

ABBBA121
LUCCA 147
MILES 775
TRANS 094

As 19 horas, e en acto aberto ó publico, o Xurado procede a facer pública a súa proposta, dando lectura ós lemas dos gañadores e dando a coñecer a súa identidade mediante a apertura dos correspondentes sobres nº 1, sendo o resultado o seguinte:

	LEMA	IDENTIFICACIÓN
Primeiro premio/gañador	burga012	UTE: CRISTINA LAGO INSUA - PABLO FIDALGO LONGUEIRA
Segundo premio	DFJMOO56	IRISARRI-PIÑERA, S.L.N.E.
Accésit	ABBBA121	CARLOS. J. MERI CUCART
Accésit	LUCCA 147	COLLARTE ARCHITECTS STUDIO, S.L.P.
Accésit	MILES 775	CREUSECARRASCO ARQUITECTOS, S.L.P.
Accésit	TRANS 094	PEDRO QUERO ARQUITECTOS, S.L.P.

Neste estado levántase a presente acta que, trala súa lectura, asinan por **triplicado** tódolos asistentes